

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 21 DE XULLO DO 2022.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Vinte e un de Xullo do Dous mil vinte e dous, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 14/07/2022

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202207/124

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/07/2022 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A SUBMINISTRACIÓN (ARRENDAMENTO), MANTEMENTO E LIMPEZA DE ASEOS QUÍMICOS PORTÁTEIS PARA INSTALAR NAS PRAIAS DO CONCELLO DE RIBEIRA DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DO ANO 2022"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202207/158

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 12/07/2022 “Decreto: EXCLUSIÓN DO LICITADOR CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN O SEGUINTE CLASIFICADO, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DAS REDES DE AUGA POTABLE E PLUVIAIS NA RÚA LUIS PIMENTEL (AGUIÑO)””

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202207/189

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 14/07/2022 “Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA SUBMINISTRACIÓN DA ESCULTURA DE MANUEL AYASO DIOS”

5.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Akram Muhammad

Visto o escrito presentado por **Akram Muhammad**, de data 28/06/2022 (Registro de entrada nº 12.394), no que solicita autorización para a instalación dun posto (remolque) de venda de comida (4,00 m. x 2,00 m.), durante os meses de xullo, agosto e setembro 2022, situado na Praza de Teruel – Rúa Manzanares (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Akram Muhammad** para a instalación dun posto (remolque) de venda de comida (4,00 m. x 2,00 m.), durante os meses de xullo, agosto e setembro 2022, situado na Praza de Teruel – Rúa Manzanares (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Elhadji Seck Diop

Visto o escrito presentado por **Elhadji Seck Diop**, de data 15/07/2022 (Registro de entrada nº 13.642), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante, durante os días 16 ao 27/07/2022, co motivo da Festa da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- Autorizar** a **Elhadji Seck Diop** para a instalación posto de venda ambulante, durante os días **22 ao 27/07/2022**, co motivo da Festa da Dorna.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL – Elecnor Servicios y Proyectos, S.A.U.

Visto o escrito presentado por Francisco Cancelo Fernández en representación de **Elecnor Servicios y Proyectos, S.A.U.**, de data 10/06/2022 (Rexistro de entrada nº 10.913), no que solicita a devolución de aval depositado pola finalización de obra de acometida eléctrica a vivenda unifamiliar, situada en lugar de Bretal (Oliveira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 21/06/2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución do aval depositado por **Elecnor Servicios y Proyectos, S.A.U.** pola realización de obra de acometida eléctrica a vivenda unifamiliar, situada en lugar de Bretal (Oliveira); polo importe de 6.120,00 €.

8.- DACIÓN DE CONTA DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

RELACIÓN DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 12.07.2022:

11096	13.06.2022	MANUEL RIVAS PÉREZ, pintado exterior de la vivienda en rúa do Norte, 46, Palmeira.
11197	13.06.2022	CASEM CONSULTORIA, S.L., (COMUNIDAD PROPIETARIOS CRISTOBAL COLÓN, 42, PORTAL 1) reparación de canalones y bajantes en rúa Cristóbal Colón, 42, Ribeira.
11119	13.06.2022	TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ, cierre en Couso.
11305	14.06.2022	Mª MILAGROS VILAS IGLESIAS, arreglo e impermeabilización de fachada en rúa Cruceiro de Cruces, 38, Palmeira.
11240	14.06.2022	ANA MARIA VENTOSO RIVAS, construcción de muro en Campos, 18, Carreira.
11413	15.06.2022	JUAN BRIÓN LUSTRES, construir cierre en Outeiro, Artes.
11536	16.06.2022	MANUEL VIDAL ROMERO, cambio de cubierta en rúa Perú, 6, Ribeira.
12086	22.06.2022	ROSA MARIA PÉREZ REY, repicar fachada, revestir y pintar, en rúa Monumento, 22, Ribeira.

RELACIÓN DE COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE O



14.07.2022:

- 11617 17.06.2022 PURIFICACIÓN REGUEIRA FERNÁNDEZ, obras de mantenimiento y mejora en rúa Francisco Lorenzo Mariño, 51, Aguiño.
- 11702 17.06.2022 NOHAILA CHHAIM FILOUJ, sustitución de ventanas en Avda. Rosalía de Castro, 11-3º-D, Ribeira.
- 11994 21.06.2022 ASESORIA BENY GARCÍA, S.L., pavimentar y pulir suelo del garaje en rúa Escorial, Ribeira.
- 12045 22.06.2022 JOSÉ BENITO RIVAS SAMPEDRO, cierre de finca en rúa Insuabela, Aguiño.
- 12379 28.06.2022 ROSA MARIA SIEIRA ORELLAN, aislar cubierta y pintar fachadas, en Barreiro, 9, Olveira.

9.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Luis Millán Gómez

Visto o escrito presentado por **Luis Millán Gómez**, de data 17/06/2022 (Rexistro de entrada nº 11.654), no que solicita certificación en relación á edificación sita no lugar de Os Mosqueiros, Castiñeiras, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A019015100012RG

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/07/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita no lugar de Os Mosqueiros, Castiñeiras, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A019015100012RG.

10.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan Lado Palmier

Vistos os escritos presentados por **Juan Lado Palmier**, de datas 21 e 28/06/2022 (Rexistros de entrada nº 11.925 e 12.372), nos que solicita certificación en relación á edificación sita na Rúa do Porto, Aguiño, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 8478115MH9087N0001PI

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/07/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita na Rúa do Porto, Aguiño, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 8478115MH9087N0001PI.



11.- AUTORIZACIÓN RESERVA DE PRAZA DE ESTACIONAMIENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA – José María Ageitos Martínez

Visto o escrito presentado por **José María Ageitos Martínez**, de data 04/07/2022 (Registro de entrada nº 12.763), no que solicita a habilitación dunha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na rúa Buenos Aires, nº 27 (Corrubedo).

Visto o informe emitido en sentido favorable pola Policía Local, de data 13/07/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a habilitación dunha reserva de praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na rúa Buenos Aires, nº 27 (Corrubedo), segundo o sinalado no citado informe policial.

12.- AUTORIZACIÓN PINTADO DE LIÑA AMARELA EN RÚA CAMIÑO DA AUGA (CASTIÑEIRAS)

Visto o parte de servizo nº 4361 da Policía Local, de data 13/07/2022, no que propón o pintado de liña amarela (10 m.) na rúa Camiño da Auga (Castiñeiras), á altura do nº 45, co fin de evitar o estacionamento de vehículos nas inmediacións da intersección, xa que obstrúe o tránsito do camiión de recollida de residuos sólidos urbanos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar o pintado de liña amarela (10 m.) na rúa Camiño da Auga (Castiñeiras), á altura do nº 45, co fin de evitar o estacionamento de vehículos nas inmediacións da intersección, xa que obstrúe o tránsito do camiión de recollida de residuos sólidos urbanos, segundo o sinalado no citado parte se servizo nº 4361.

13.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández**, de data 15/07/2022, na que solicita a aprobación dun **“Convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Real e Ilustre Cofradía da Dorna”** con fin de acadar os obxectivos de promoción do patrimonio cultural e de xeito especial cos festexos declarados de interese turístico para a celebración da Festa da Dorna 2022.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 15/07/2022.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do **“Convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Real e Ilustre Cofradía da Dorna”** con fin de acadar os obxectivos de promoción do patrimonio cultural e de xeito especial cos festexos declarados de interese turístico para a celebración da Festa da Dorna



2022, e comprometéndose o Concello de Ribeira a abonar á Real e Ilustre Cofradía da Dorna a cantidade de 40.000,00 € en concepto de subvención.

14.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARREIRA E AGUIÑO

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Comercio e Turismo, Ramón Doval Sampedro**, de data 14/07/2022, na que solicita a aprobación dun “**Convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño**” aos efectos de regular a celebración da XXIII Festa do Percebe 2022 en Aguiño.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 18/07/2022.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do “**Convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño**” aos efectos de regular a celebración da XXIII Festa do Percebe 2022 en Aguiño, e comprometéndose o Concello de Ribeira a abonar á Real e Ilustre Cofradía da Dorna a cantidade de 15.000,00 € en concepto de subvención.

15.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA MÓBIL – David Fernández Fernández

Visto o escrito presentado por **David Fernández Fernández**, en representación do establecemento hostaleiro **Abuela Gloria**, de data 15/07/2022 (Rexistro de entrada nº 13.647), no que solicita autorización para a instalación dunha barra móbil fóra do seu establecemento os días da celebración das Festas da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra móbil fóra do seu establecemento os días 22, 23 e 24/07/2022, co motivo da celebración das Festas da Dorna.
- A barra móbil deberá estar pechada ao público unha hora antes do peche do local.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

16.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA MÓBIL – María Rama Tato

Visto o escrito presentado por **María Rama Tato**, en representación do establecemento hostaleiro **Café-Bar O Buraco**, de data 15/07/2022 (Rexistro de entrada nº 13.601), no que solicita autorización para a instalación dunha barra móbil fóra do seu establecemento os días da celebración das Festas da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- **Autorizar** a instalación dunha barra móbil fóra do seu establecemento os días 22, 23 e 24/07/2022, co motivo da celebración das Festas da Dorna.
- A barra móbil deberá estar pechada ao público unha hora antes do peche do local.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

17.- AUTORIZACIÓN PARA CONCERTOS EN DIRECTO EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Roberto Sieira González

VISTO o escrito presentado por **Roberto Sieira González**, de data 15/07/2022 (Registro de entrada nº 13.625), no que solicita autorización para amenizar o establecemento hostaleiro “Chiringuito da Ameixida”, situado en Rúa do Almacén - Ameixida (Castiñeiras), cun concerto en directo o día 29/07/2022, de 20:30 h. a 23:00.

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **Roberto Sieira González** para amenizar o establecemento hostaleiro “Chiringuito da Ameixida”, situado en Rúa do Almacén - Ameixida (Castiñeiras), cun concerto en directo o día 29/07/2022, de 20:30 h. a 23:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o **solicitante (Roberto Sieira González)**, deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou*



vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”

- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

18.- AUTORIZACIÓN PARA ACTUACIÓN MUSICAL EN DIRECTO EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Alberto Barral Agraso

VISTO o escrito presentado por **Alberto Barral Agraso**, de data 12/07/2022 (Rexistro de entrada nº 13.399), no que solicita autorización para amenizar o exterior do establecemento hostaleiro “Pizzería de Vicio” (Ribeira), cunha actuación musical (DJ) en directo o día 28/07/2022, de 21:00 h. a 00:00 h.

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **Alberto Barral Agraso** para amenizar o exterior do establecemento hostaleiro “Pizzería de Vicio” (Ribeira), cunha actuación musical (DJ) en directo o día 28/07/2022, de 21:00 h. a 00:00 h.



SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o **solicitante (Alberto Barral Agraso)**, deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:



- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

19.- AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DE ASAMBLEA XERAL DA COMUNIDADE DE AUGAS DE CORRUBEDO – José Manuel Brión Gago

Visto o escrito presentado por **José Manuel Brión Gago** en representación da **Comunidade de Augas de Corrubedo**, de data 11/07/2022 (SOLIC0003965), no que solicita autorización para a celebración da Asamblea Xeral da Comunidade de Augas de Corrubedo o día 23/07/2022, ás 19:30 h., no espazo situado fronte o antigo Grupo Escolar de Corrubedo; e así mesmo solicita a cesión temporal de 100 cadeiras para a celebración do dito acto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a celebración da Asamblea Xeral da Comunidade de Augas de Corrubedo o día 23/07/2022, ás 19:30 h., no espazo situado fronte o antigo Grupo Escolar de Corrubedo; así como a cesión temporal de 100 cadeiras para a celebración do dito acto.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

20.- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DUN ACTO BENÉFICO EN CORRUBEDO – Abdón Santos Santos

Visto o escrito presentado por **Abdón Santos Santos**, de data 18/07/2022 (Rexistro de entrada nº 13.739), no que solicita autorización para a celebración dun entroido benéfico na explanada portuaria de Corrubedo, o 30/07/2022, co gallo de recaudar fondos para as festas de setembro, así como colaboración municipal coa instalación de sinalización de prohibido estacionar e instalación de valado portátil (a partir das 18:00h.)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a celebración dun entroido benéfico na explanada portuaria de Corrubedo, o 30/07/2022, co gallo de recaudar fondos para as festas de



setembro (Sen prexuízo das posibles autorizacións doutras administracións públicas)

- Aprobar a colaboración municipal coa instalación de sinalización de prohibido estacionar e instalación de valado portátil
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

21.- AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DE CONCERTOS NO FARO DE CORRUBEDO – Jarabe Comunicación, S.L.

Visto o escrito presentado por **Jarabe Comunicación, S.L.**, de data 19/07/2022 (Registro de entrada nº 13.821), no que solicita autorización para a realización de concertos en directo (Proxecto Concertos na Fin do Mundo) os día 29 e 30/07/2022 no Faro de Corrubedo, así como a colaboración da Policía Local e Protección Civil.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a Jarabe Comunicación, S.L. á realización de concertos en directo (Proxecto Concertos na Fin do Mundo) os día 29 e 30/07/2022 no Faro de Corrubedo.
- Esta autorización se concede sen prexuízo das posibles autorizacións doutras administracións públicas.
- Autorizar a colaboración para este evento da Policía Local e Protección Civil, dando traslado deste acordo para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:45 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

